

ACTA NÚMERO 5/2017
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 27 de xullo de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:30 horas, do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González González

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

ORDE DO DIA

CONVOCATORIA DE SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DESTE CONCELLO.-

O señor alcalde antes de comezar a sesión extraordinaria do Pleno solicitada polos señores Carlos García Vázquez, e Tomás Castro Liñares, e co visto e praxe da señora M^a Pilar García Pereiro, dirixese ao público asistente e pide que o veciño que o amenazou de morte no seu día por haber autorizado a plantación de eucaliptos que se disculpe ou que se marche.

Neste momento un asistente levántase e marcha un asistente ao pleno.

CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DESTE CONCELLO.

Agora dase comezo a sesión extraordinaria concedéndolle a palabra o señor alcalde aos firmantes da solicitude de pleno extraordinario para que expliquen a SOLICITUDE.

Intervén a concelleira do BNG dona Pilar García Pereiro, xustificando o seu apoio para ter máis información, pedironlle apoiar e apoiou pois viu as plantacións de eucaliptos que estamos rodeados, cando hai posibilidade de plantar outras especies.

Intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE, Carlos García Vázquez, que motiva en base ao ROF, e o apoio da concelleira.(pola maioría necesaria).

Ademais o mércores na televisión de Galicia saiu unha persoa que dixo que as plantacións foran aprobadas en Pleno o cal descoñece.

E non o solicitou mediante moción, por considerar esta forma (a solicitude de Pleno Extraordinario) a máis axeitada (aclárase pola Presidencia que na televisión dixo pleno pero foi a Xunta de Goberno Local onde se aprobou a plantación).

Continua manifestando que lle pediu informe a Secretaria sobre subvencións no campo de fútbol, pois leva 12 anos como concelleiro e coñece que se dou algunha subvención para arranxar o campo de fútbol de Viladoabade, polo que é un espacio deportivo, ademáis os terreos foron cedidos aos veciños.

Intervén o señor alcalde manifestando que non é certo o que dí o señor Carlos, que é unha cesión da concentración parcelaria ao Concello e esta documentado.

O señor Carlos solicita que non se interrumpa pois vai a expoñer toda a información que ten, mantén que o Campo de fútbol recibiu subvencións de deporte da Diputación, por se un espacio lúdico, e así está en Catastro, sabe que fai 2 anos limparon o escombros que había alí, por eso piden que se informe sobre a situación destes terreos, das condicións da cesión e da actualidade.

Como punto dos pide que informe a Secretaria que manifesto que ela non ten que informar, por eso solicita que conste en acta a existencia do acordo da Xunta de Goberno Local, no pleno, que é ilegal o procedemento contractual, xa que se adjudicou directamente que é un campo de xogo non para plantar eucaliptos, que ten moitas utilidades menos a de plantar.

Sobre o punto tres a parroquia debe estar informada da situación e devolver os terreos e que o utilicen eles para o que queiran, alude que xa se falou fai 2 anos deste problema que existe e non houbo solución, pregunta quen informou a televisión de Galicia?, afirma que os terreos non son para plantar, xa que é un campo de fútbol.

Reitera que a señora Secretaria poña en acta o que manifesta e le o establecido nos puntos da solicitude de convocatoria de pleno extraordinario, que literalmente dí:

"SOLICITUDE DE CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

D. Carlos García Vázquez, D. Tomás Castro Liñares, e co visto e **place D.ª María Pilar García Pereiro (BNG)**. Concelleiros do Concello de Tordoia.

EXPOÑEN

1º.- Que o Art. 46.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril da lei de Bases de Réxime local establece que "... Así mesmo. O Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o decida o presidente ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do numero legal de membros da Corporación." No mesmo sentido exprésase o Artigo 49.2 do Regulamento Orgánico.

2º.- Que o mesmo Art. 46.2 da LBRR e o Art. 49.3 do citado Regulamento Orgánico determinan que " Ningún Concelleiro poderá solicitar a celebración de mais de tres sesións Extraordinarias cada ano".

3º.- Que os solicitantes da convocatoria deste pleno Extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal e regulamentaria citada.

Por todo iso, os concelleiros que subscriben.

SOLICITAN

Primeiro.- A convocatoria de **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.

Segundo.- A **orde do día** desta sesión extraordinaria formarana os seguintes puntos:

Punto 1.- Informar desde a Secretaría/Intervención do Concello de Tordoia a situación dos terreos do Campo de Fútbol situado na parroquia de Viladabade. Data de cesión ao concello, condicións de cesión, e situación actual dos terreos.

Punto 2.- Informar por parte da Secretaría/Intervención.

- Legalidade da devandita obra.
- Existencia do acordo plenario.
- Procedemento de contratación (concurso, oferta, adxudicación directa ...).
- Prezo dita obra e partida orzamentaria consignada.

Punto 3.- Acordo de utilización dos devanditos terreos.

- Informar os veciños ben sexa por medio da asociación de veciños, ben sexa por outros medios recoñecidos pola parroquia, da situación dos devanditos terreos.

-Devolver os terreos á parroquia de Viladabade se así o solicitan (antiga propiedade desta e cedida ao Concello para poder acollerse a subvencións públicas).

-Reiterar con cargo ao Concello tanto a plantación feita no terreo de xogo como o cascallo situado na parcela.

Punto 4.- Abrir unha investigación e depurar responsabilidades da persoa/as que ordenaron dita barbarie, para evitar que este feitos non volvan a suceder.

Carlos García Vázquez

Tomás Castro Liñares

Mª Pilar García Pereiro.

En Castenda, ao 12 de Xullo de 2017

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE TORDOIA"

Agora interven o señor alcalde dando lectura ao informe xurídico que literalmente dí como segue:

INFORME XURÍDICO

Requerido polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal de Tordoia para informar **sobre o recurso de reposición interposto por D. Carlos García Vázquez, concelleiro do Grupo Municipal do PSOE, en relación con certas circunstancias relativas á ordenación do debate dos asuntos incluídos na orde do Día da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Local de Tordoia, celebrada o 27 de xullo de 2017, procedese a realizar o seguinte informe, en base aos seguintes:**

Antecedentes de feito:

En data de 7 de agosto de 2017, polo concelleiro D. Carlos García Vázquez interponse recurso de reposición no que solicita que se proceda á repetición do Pleno Extraordinario de 27 de xullo de 2017 e se lle dea traslado do expediente relativo ao mesmo.

Se descoñece (non se cita) a resolución contra a que se interpón o presente recurso, pero en virtude do principio *pro actione*, e cunha evidente flexibilidade, enténdese que se refire á resolución da alcaldía de non someter a votación o que o recurrente considera propostas de acordo contidas na solicitude de Pleno Extraordinario, da que trouxo causa o citada sesión plenaria.

Aos efectos de centrar o obxecto da cuestión a analizar no citado recurso, convén ter en conta, e mesmo reiterar, o exposto en informes precedentes en relación con este Pleno Extraordinario de 27 de xullo de 2017.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (Art. 46 LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (Art. 48 TRLBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Art. 78. ROF)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Obrigatoriedade da convocatoria da sesión plenaria

A sesión plenaria á que se fai referencia no recurso de reposición trae causa dunha solicitude dos concelleiros D. Carlos García Vázquez, D. Tomás Castro Liñares, co visto e praxe da concelleira D^a María Pilar García Pereiro, da celebración dun Pleno extraordinario coa proposta de Orde do Día que constan no expediente.

Como xa se dixo, é necesario partir de que o Tribunal Supremo mantén unha doutrina constante no sentido de que o apartado 2 do artigo 46 da LRBRL, o art. 48 do TRLBRL e, en fin, o artigo 78.2 do ROF dispoñen que o Alcalde está obrigado a convocar en sesión extraordinaria ao Pleno cando a solicitude de convocatoria se presente pola cuarta parte, polo menos, do número legal de concelleiros, debendo ser convocada a sesión dentro do catro días seguintes ao da petición.

Reiterada xurisprudencia do TS (STS de 22 de maio de 1985, 8 de xullo de 1986, 5 de outubro e 23 de decembro de 1987, 16 de febreiro de 1988, 10 de decembro de 1991) entende que o artigo 23.2 da Constitución Española, que consagra o dereito a todos os cidadáns a acceder en condicións de igualdade aos cargos públicos, tamén alcanza ao suposto da petición de convocatoria de plenos extraordinarios pola cuarta parte polo menos de concelleiras dunha Corporación.

É dicir, a convocatoria solicitada debía efectuarse de maneira obrigada, no prazo regulamentario, aínda que, como é obvio, cando os asuntos propostos na Orde do Día sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico os mesmos non poderán ser adoptados polo Pleno na sesión extraordinaria.

O artigo 46.2.a) da LRBRL (na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime

Local) ao regular as sesións extraordinarias a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, dispón que:

<<Neste último caso, a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Se o Presidente non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente haxa de substituírlle, o Pleno quedará válidamente constituído sempre que concorra o quórum requirido na letra c) deste precepto, nese caso será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes>>.

A cuestión de fondo que se expuña e segue expondo a convocatoria das sesións extraordinarias a solicitude dos membros da corporación é a configuración do deber do presidente e o alcance do mesmo. Dito noutros termos, pode o presidente da corporación denegar a convocatoria atendendo a razóns de fondo ou debe limitarse a examinar exclusivamente se a solicitude cumpre os requisitos e ten que ser o pleno corporativo quen valore o fondo do asunto.

A xurisprudencia dos tribunais ten avanzado cara unha liña interpretativa que entende que existe obrigación do alcalde para convocar a sesión con independencia de que as materias propostas para o debate poidan ser obxecto de reparo de legalidade en orde á competencia plenaria, algo do que deberá advertirse aos corporativos aos efectos oportunos. Detrás desta formulación, non cabe dúbida algunha, atópase o principio favorable á competencia xenérica do municipio ao redor do seu círculo de intereses. Principio que foi amplamente recoñecido na xurisprudencia. Por todas, baste lembrar a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección 6ª, relatora Juan Antonio Xiol Rius, RJ 1997/5941) de 21 de maio de 1997. Esta interpretación é compatible coa amplitude con que a Constitución concibe a garantía institucional da autonomía de goberno e administración dos municipios (artigo 140 da Constitución), a cal debe ser interpretada, no terreo competencial, de acordo coa cláusula de subsidiariedade que contén a Carta Europea de Autonomía local de 15 de outubro de 1985 , ratificada por España mediante Instrumento de 20 xaneiro 1988 , con arranxo a cuxo artigo 4.2 "as Entidades locais teñen, dentro do ámbito da Lei, liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade".

De acordo con esta motivación xurídica é polo que o alcalde de Tordoia convoca o citado Pleno Extraordinario para o 27 de xullo de 2017.

Segundo.- Legalidade do contido da Orde do Día proposta na solicitude de Pleno Extraordinario

Partindo do feito de que a solicitude de Pleno Extraordinario cumpría no requerido en cuanto ao quorum (unha cuarta parte da Corporación), debemos analizar a legalidade do contido da Orde do Día proposta.

Previamente, debemos sinalar un aspecto que resulta chamativo na solicitude, que é a inexistente motivación da necesidade da convocatoria deste Pleno, que non aparece razonada na parte expositiva da solicitude, e que debería ser obxecto, cando menos, dunha mínima argumentación por parte dos solicitantes.

Pasando a analizar o contido da **Orde do Día**, debemos salientar, de entrada, que os **puntos 1 e 2 da mesma** non poden ser obxecto de debate e votación por parte do Pleno, xa que se trata de meras solicitudes de informes xurídicos, que deben ser instadas e resoltas de acordo coa normativa que rixe a petición dos mesmos, que non se cumpre no presente caso polo seguinte:

- A función de asesoramento legal preceptivo da secretaría comprende a emisión de informes previos naqueles supostos en que así o ordene o Presidente da Corporación ou cando o solicite un tercio de Concelleiros con antelación suficiente á celebración da sesión en que houbese de tratarse o asunto correspondente. Tamén caberá a emisión de informe cando se trate de asuntos para cuxa aprobación se esixa unha maioría especial (art 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e art 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local).

Nos atopamos no presente caso cunha solicitude de pleno extraordinario que pretende, en fraude de lei, conseguir a emisión de informes xurídicos, cando non se cumpre co quorum necesario para a súa solicitude (1/3 da Corporación).

No tocante **ao apartados 3 e 4 da Orde do Día** cabe realizar as seguintes consideracións:

O apartado 3 da Orde do Día, inclúe unha petición ao Goberno, a de retirar a plantación feita con cargo ao Concello que pode consituir unha actuación en perxuicio do interese da Administración Local, coa posible existencia de responsabilidade dos corporativos.

Isto é así, por canto debemos lembrar que a actuación do Concello de Tordoia ao realizar unha plantación forestal, supón un investimento nun ben patrimonial aos efectos de obter unha rendabilidade económica en cumprimento Lei Patrimonio

“Artículo 8. Principios relativos a los bienes y derechos patrimoniales.

1. La gestión y administración de los bienes y derechos patrimoniales por las Administraciones públicas se ajustarán a los siguientes principios.

a) Eficiencia y economía en su gestión.

b) Eficacia y rentabilidad en la explotación de estos bienes y derechos."

Obligación para a Administración Local, actuación que cabe encuadrar dentro da defensa do interese xeral, e no marco do exercicio das competencias propias desta Administración Local.

Frente a esta actuación, que sexa retirada a plantación constitúe unha solicitude que pretende que se revoque e deixe sen efecto un acordo da Xunta de Goberno Local que supón un investimento do Concello (limpeza, preparación e plantación forestal...) co obxecto de obter unha rendabilidade para as arcas públicas.

A este respecto, convén lembrar que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece no seu art. 78.3 establece a existencia de responsabilidade dos membros da Corporación Local, cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á propia Administración.

Dita disposición reitérase en practicamente os mesmos termos no art. 229 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) e no art. 22 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROF).

No presente caso, de acceder ao solicitado e a conseguinte retirada da plantación suporía a perda dun investimento realizado polo Concello coa causación dun perxuízo económico ao mesmo.

Estamos por conseguinte coa causación destes perxuízos económicos diante dunha responsabilidade que dimana de accións ou omisións de autoridades ao servizo das Administracións Públicas, que poderá ser esixida a estas conforme establece o artigo 36.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece a responsabilidade das autoridades e demais persoal ao seu servizo polos danos e prexuízos causados nos bens ou dereitos da Administración.

Isto é así, por canto coa decisión de retirar a plantación forestal realizada causase un prexuízo economicamente cuantificable á Administración, concurrindo, ademais dolo, culpa ou negligencia graves por parte da autoridade ou funcionario que adopte esa decisión.

Por outra banda, o **apartado 3 da Orde do Día** contén a petición de imposible cumprimento: "*Devolver os terreos á parroquia de Viladabade se así o solicitan (antiga propiedade desta e cedida ao Concello para poder acollerse a subvencións públicas).*"

Esta petición parte dunha premisa errónea que imposibilita a súa realización, porque según documental obrante no expediente, esta parcela é de titularidade municipal desde 1967, figurando no inventario municipal de bens, sendo

adquirida por adxudicación da administración competente na concentración parcelaria da zona, sen que exista, por tanto, a cesión veciñal á que se fai referencia no escrito de solicitude de pleno extraordinario.

Con respecto ao **apartado 4 da Orde do Día**, convén facer a seguinte precisión:

- Propoñer "Abrir unha investigación e depurar responsabilidades..." **non é unha actuación que sexa competencia plenaria**. As competencias do Pleno veñen fixadas con precisión no artigo 22 da mencionada Lei de Bases e en ningunha das que enumera tal precepto ten adecuada cabida a citada proposta, e non debemos esquecer que o dereito a propor acordos ao Pleno debe, como calquera outro, polo que resulta dos fins que motivaron o seu recoñecemento por parte do Ordenamento xurídico, faino con apoio na legalidade cuxo ámbito non pode pasar nunca o exercicio de tales poderes, que só caben en servizo dos intereses públicos a que se orientan.

CONCLUSIÓNS:

1ª) As normas que atribúen o dereito á solicitude dunha sesión extraordinaria serven de desenvolvemento dun dereito fundamental e cumpren a dobre finalidade de asegurar o exercicio do dereito fundamental a participar nos asuntos públicos (art. 23 CE) e de garantir o funcionamento democrático dos Concellos (art. 140 CE), debendo o alcalde convocar dita sesión extraordinaria solicitada, como así se fixo.

2ª) A Orde do Día do Pleno extraordinario deberá adecuarse á legalidade nas súas propostas, razón pola que debeu advertirse previamente á celebración do citado Pleno, en base ao presente informe, da imposibilidade legal de dar cumprimento tanto ao proposto nos apartados 1 e 2 da Orde do Día (solicitude de informes xurídicos), como á solicitude de retirada da plantación e de devolución da parcela á parroquia (apartado 3) e á falta de competencia do Pleno para "investigar e depurar responsabilidades" (apartado 4).

3ª) As conclusións precedentes son as que serviron de fundamento xurídico para as decisións adoptadas polo alcalde de Tordoia no transcurso do Pleno extraordinario de 27 de xullo de 2017, ao que debemos engadir o seguinte:

- Todos os puntos incluídos na Orde do Día foron debatidos e tratados no transcurso do Pleno.

- A ausencia de votación dos mesmos, deriva das consecuencias legais expostas, ao que debemos engadir o feito de que a propia redacción da proposta de Orde do Día do Pleno Extraordinario contiña peticións que máis que propostas de acordo tiñan o carácter de Rogos, mais se temos en conta que se trataba na maioría dos casos de materias que non eran competencia plenaria.

Por todo o exposto, **INFORMASE A ESTA ALCALDÍA**, que o pertinente, de acordo co ordenamento xurídico de aplicación citado, é desestimar o recurso de reposición interposto por D. Carlos García Vázquez.

É canto teño que informar, segundo o meu leal saber e entender.

A Coruña, 6 de setembro de 2017

G.H.C.P.

Avogado-Consultor

Doutor en Dereito Administrativo

Col. XXXXX ICACOR

Sobre o punto 1, non pode informar a Secretaria pois para solicitar, según a lei un informe requirese outra maioría, como non a ten pode ser obxecto de pleno.

Sobre os puntos 3 e 4, resulta que non se pode arrancar unha vez realizado o gasto, cometeríase un delito.

Con respecto á propiedade da finca non é dos veciños e así está documentado (enseña o documento), non se pode devolver o que nunca foi teu.

En canto a investigación, punto 4, non é competencia do pleno pola lexislación vixente.

Non habendo máis asuntos que se poidan tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:15 horas do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,